

Proxecto D'HÁBITAT de DIFUSIÓN do DEREITO AO HÁBITAT

na comunidade educativa universitaria e de secundaria.

A Coruña, Galicia. 2013-2014



O proxecto xorde como a constatación por parte de Arquitectura Sen Fronteiras das carencias formativas e de sensibilización no ámbito da habitabilidade na comunidade educativa da Coruña.

Esta intervención planéase en consorcio coa Universidade da Coruña. Lévese a cabo a través da colaboración entre ASF e un grupo de profesores e profesoras da Escola Técnica Superior de Arquitectura comprometidos técnica e socialmente con cubrir estas carencias. Formalizouse baixo o acrónimo d'Habitat.

O obxectivo da proposta foi formar e sensibilizar no dereito ao hábitat na ensinanza secundaria e universitaria da Coruña. Por un lado, buscou a visualización de problemáticas relacionadas cos dereitos humanos, o hábitat e as súas dimensións transversais e a vivenda e a cidade en contextos locais e internacionais. Ademais, ofreceu ferramentas técnicas aos futuros profesionais do hábitat.

- 1ª edición do **curso en liña Hábitat a Escala Humana**, habilitando módulos de Dereito ao hábitat e a cidade, Habitabilidade Básica, Xestión Social, Intervención Social e Tecnoloxías Apropriadas.

- 2ª edición do **seminario Hábitat a Escala Humana**, orientando as conferencias aos módulos do curso en liña

- **Obradoiro de verán Procesos Habitados.**

- Elaboración dunha **plataforma web de intercambio de coñecemento.**

- Sesións de **intercambio de experiencias** entre profesorado de diferentes universidades sobre o enfoque social na ensinanza de arquitectura.

- Apertura da **sección da biblioteca** da ETSAC, Biblioteca para o outro 90%.

- Celebración do **mes do Hábitat 2013 e 2014** con exposicións e conferencias.

- Elaboración dunha **unidade didáctica sobre o Dereito ao Hábitat** para o segundo ciclo de educación secundaria.

- Sensibilización a través de **videoforum en centros educativos** de primaria e secundaria sobre os asentamentos precarios da cidade da Coruña.

Nome do proxecto:

Proxecto de difusión do dereito ao hábitat a través da sensibilización e a educación formal na comunidade educativa .

Lugar: A Coruña, Galicia.

Data de execución: 2013-2014

Financiador: Xunta de Galicia

Orzamento: 73.420,00 €

Demarcación responsable:
Arquitectura Sin Fronteras, Galicia.

Colaboradores: Universidade da Coruña.

